



Rosalía de Castro, 2  
15200 NOIA (A Coruña)  
Tel. 981 842 100  
Fax 981 821 741

## RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚM. 3572011.

Visto expediente de licitación da obra descrita no proxecto técnico denominado "Campo de fútbol de herba artificial" elaborado polos servizos técnicos municipais, por procedemento aberto, tramitación urxente (cun único criterio de valoración: factor prezo), expediente número 12/11-OB, aprobado por resolución da alcaldía núm. 1302/2011.

Visto que o importe da obra ten o seguinte desglose :

Prezo base de licitación sen IVE: Douscentos noventa e cinco mil cincocentos catorce euros con corenta céntimos (295.514,40 €).

IVE do 18%: Cincuenta e tres mil cento noventa e dous euros con cincuenta e nove céntimos (53.192,59 €).

Total (a+b): Trescentos corenta e oito mil setecentos seis euros con noventa e nove céntimos (348.706,99 €).

Considerando que o artigo 54 da Lei 30/2007 establece a esixencia de clasificación do contratista cando o importe do contrato sexa igual ou superior a 350.000 €, polo que nesta licitación non é esixible a mesma

Advertido pois do erro no procedemento de contratación, procede a súa corrección consonte o sinalado no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de 2008, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, en calquera momento, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido nos artigos 93 e 94 e a Disposición adicional segunda da LSCP

### RESOLVO

**Primeiro.**-Corrixir o erro consistente na esixencia de clasificación do proxecto denominado "Campo de fútbol de herba artificial" elaborado polos servizos técnicos municipais, do cadro de características do contrato e do anuncios publicados e enviados así onde di "Clasificación: Grupo G, subgrupo 6, categoría" e debe dicir "Clasificación: non se esixe".

**Segundo.**- Corrixida a clasificación , procédase a continuación da tramitación da licitación, concedendo un novo prazo para presentación de ofertas a partir do último anuncio que se publique no *Boletín Oficial da Provincia* ou no Perfil do contratante da páxina web municipal así como no diario *El Correo Gallego*.

**Terceiro.**- As restantes condicións do prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares así como a declaración de tramitación urxente do expediente, aprobadas por resolución num. 1302/2011, do 16 de maio, quedarán vixentes e sen alterar.

Noia, 18 de maio de 2011.

O Alcalde,

Asdo. Rafael García Guerrero.



Ante min,  
A secretaria,

Asdo. Raquel B. Bahillo Varela.